

Ola nenos e nenas!

Que tal estades? Temos que esperar un pouquiño mais para vernos, pero mentres tanto deixo algo para fagades durante estes días.

Este recurso está no campus dixital da editorial Algaida, para acceder a el entraremos na web a través do enlace: <https://www.algaida.es/campusdigitalinfantil/>,

Unha vez seleccionada a idade que nos interese, neste caso 4 anos (5º de E.I.) aparecen unha serie de recursos ós que podemos acceder. Recordade que este curso xa traballamos o colexio, o corpo, o outono, a educación vial, a casa, os Castelos, a familia, o Nadal, a rúa, a paz, a contaminación, o reciclaxe, o inverno, os medios de transporte, Ámsterdam, Van Gogh e xusto empezamos co planeta terra.

En primeiro lugar atopamos o **PARQUE DIXITAL “PALOMITAS DE MAÍZ”** (a versión da web está en castelán), dentro do cal aparecen varias opcións:

- **Aprendemos e xogamos:** atoparedes unha serie de xogos interactivos que van incluídos no CD que levastes a principio de curso para a casa. Ademais tamén tedes a opción de descargar estes xogos para o móbil ou tablet, a través da aplicación gratuíta: “*Palomitas de maíz 4 años*”.
- **Contos animados:** neste apartado podedes visualizar de forma interactiva os contos das diferentes unidades que traballamos, algúns dos cales xa os levamos para casa en formato libro ó longo deste curso.
- **Vídeo documentais didácticos:** aquí aparecen uns pequenos documentais sobre os diferentes temas traballados, podedes velos e recordar cousas xa vistas. Ademais de aprender máis sobre outros aspectos.
- **Materiais de aula dixitais:** atopamos unha serie de materiais cos que os nenos e as nenas poden xogar de xeito virtual.
- **Cancións e karaoke:** atoparedes as cancións de cada unidade didáctica, ademais ofrece a posibilidade de ver a letra na opción de karaoke para cantar en familia.
- **Pop!:** aquí atoparedes algúns dos recursos mencionados en inglés.
- **Páxinas web de interese educativo:** atoparedes unha serie de enlaces para que poidades descubrir máis cousas das temáticas xa mencionadas.

Tamén atopamos o **PARQUE DIXITAL “NOVO XARDÍN DAS LETRAS”**, onde podedes atopar os contos e as cancións das diferentes letras. Recordade que na clase xa vimos

as vogais e a letra “P”. Neste apartado tamén atoparedes recursos dixitais interactivos de lectoescritura e xogos de asociación de imaxes e palabras (tanto minúsculas como maiúsculas).

Outros recursos complementarios que nos ofrece esta páxina son os contos animados de **Pompas de xabón**, **Magic Toys** e **Fun with Charlie**.

Un biquiño,

Montse